

do o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Resolución do 13 de novembro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan varios cursos de formación, especialidade en auxiliar de enfermaría de xeriatria, destinados aos cidadáns galegos residentes no exterior.

O Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral de Emigración como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as competencias en política de retorno e inmigración en Galicia así como a elaboración e xestión dos programas para a formación profesional e empresarial dos galegos no exterior, nos propios países en que residen.

Co obxecto de promover a inserción laboral e a promoción profesional das mulleres e dos mozos e mozas españois residentes no exterior, o Ministerio de Traballo e Inmigración publicou, con data do 5 de abril de 2008, a convocatoria anual de axudas para o desenvolvemento de diversos programas de formación no exterior, naquelas profesións con maior demanda de emprego que propicien o retorno e faciliten a inserción laboral dos cidadáns galegos residentes no exterior.

Dentro da devandita convocatoria, foi aprobada a concesión á Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia de dúas axudas para o desenvolvemento de dous proxectos formativos. Un dos programas consiste en axudas de formación para o emprego destinadas á mocidade. O segundo programa está dirixido ás mulleres e pretende facilitar a súa inserción laboral e promoción profesional. Destes proxectos formativos, realizaranse dous cursos en Buenos Aires (Arxentina), para mocidade e mulleres, e un en Montevideo (Uruguai) destinado a mulleres.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de acordo co establecido na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude e en uso das facultades que a Secretaría Xeral de Emigración ten

atribuídas, logo de informe da Intervención Delegada deste órgano,

DISPOÑO:

Primeiro.-Esta resolución ten por obxecto convocar tres cursos presenciais de formación, especialidade auxiliar de enfermaría de xeriatria, destinados aos cidadáns galegos residentes fóra de Galicia e aos seus descendentes ata segundo grao de consanguinidade así como establecer as bases polas que se rexerán tales cursos e que se insiren como anexo I desta resolución.

Segundo.-Os cursos convocados son os sinalados a continuación:

I. Auxiliar de enfermaría de xeriatria que se realizará en Buenos Aires. Este curso está destinado a mozos e mozas e terá unha duración de 200 horas e un número de alumnas/os de 20 máis 10 suplentes.

II. Auxiliar de enfermaría de xeriatria que se realizará en Buenos Aires. Este curso está destinado a mulleres e terá unha duración de 200 horas e un número de alumnas de 20 máis 10 suplentes.

III. Auxiliar de enfermaría de xeriatria que se realizará en Montevideo. Este curso está destinado a mulleres e terá unha duración de 200 horas e un número de alumnas de 20 máis 10 suplentes.

Para a realización dun curso será necesaria a admisión, como mínimo, de 15 alumnas/os. Cando as prazas dun curso non se cubran na súa totalidade ou non se acade o número mínimo de admitidos, poderán incrementarse o número de prazas dos restantes cursos ou ben abrir un novo prazo público na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración, con suficiente antelación para que teña lugar unha adecuada selección das novas persoas candidatas.

Igualmente, o número inicial de 20 prazas por curso poderá ser ampliado en función da evolución desta convocatoria dentro das disponibilidades desta secretaría xeral.

En todo caso, o número definitivo de prazas por curso será anunciado coa antelación suficiente no portal da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com).

Terceiro.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2008.

Manuel Luís Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO I

Bases

Primeira.-*Requisitos dos participantes.*

Con carácter xeral, poderán participar nas accións formativas convocadas por esta resolución os cidadáns galegos e os seus descendentes ata segundo grao de consanguinidade residentes fóra de Galicia que, ademais, cumpran os seguintes requisitos:

- a) Curso de auxiliar de enfermaría de xeriatria en Buenos Aires: ser mozo ou moza menor de 35 anos.
- b) Curso de auxiliar de enfermaría de xeriatria en Buenos Aires: ser muller.
- c) Curso de auxiliar de enfermaría de xeriatria en Montevideo: ser muller.

Segunda.-Acceso ás actividades e datas de realización.

Os cursos realizaranse coa duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información será actualizada e ampliada na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com).

Terceira.-*Solicitudes.*

As persoas que desexen participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible no portal da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com), de acordo co disposto na base 4ª deste anexo; non se admitirán outros modelos de solicitude.

As solicitudes unha vez validadas e impresas deberán ser asinadas polos solicitantes e remitidas á Secretaría Xeral de Emigración (Os Basquiños, nº 2, 15704 Santiago de Compostela-A Coruña), preferentemente mediante correo electrónico, logo de seren escaneadas, ao enderezo: (entidadesgalegas@xunta.es), ou vía fax (00 34 981 95 73 99). Tamén poderán ser presentadas mediante calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre os que se atopan a Delegación da Xunta de Galicia en Buenos Aires (rúa 25 de Mayo, 555 PB, C1001 AAA) e as oficinas de correos.

O prazo, tanto para cubrir e validar os formularios como para a presentación de solicitudes, será único, e queda fixado nun período de 20 días que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Aquelas persoas que validen correctamente o seu formulario de solicitude pero non a presenten mediante calquera dos medios establecidos no parágrafo anterior dentro do indicado prazo, serán excluídas por considerarse presentada a súa solicitude fóra de prazo para o que se ditará a correspondente resolución.

Se o último día do prazo fose sábado ou día inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, pasaporte en vigor ou doutro documento acreditativo da identidade e nacionalidade do solicitante.
- b) Documentación xustificativa que acredite a súa condición de galego ou descendente de galego ata o

segundo grao de consanguinidade así como a súa residencia fóra de Galicia.

A presentación da solicitude implica o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Estes datos integraranse nun ficheiro responsabilidade da Secretaría Xeral de Emigración e ante quen os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Cuarta.-*Formulario normalizado de solicitude.*

Como requisito previo para poderen cubrir telematicamente o formulario de solicitude, as persoas interesadas deberán estar inscritas como usuarios no portal da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com) onde se indican os pasos que hai que seguir para tal rexistro.

a) Os formularios de solicitude a que se refire a base anterior serán cubertos pola persoa solicitante, unha vez rexistrada como usuaria, necesariamente a través da aplicación informática de matrícula en liña da Secretaría Xeral de Emigración, que poden atopar tamén no enderezo da internet <http://www.galiciaaberta.com>

b) Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes.

c) Os formularios poderán ser obtidos e cubertos ata as 14.00 horas da data de finalización dos prazos de presentación de solicitudes.

d) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral de Emigración a través do número de teléfono 981 95 71 59, fax 981 95 73 99 ou tamén a través do portal web oficial desta secretaria xeral (www.galiciaaberta.com/), na súa epígrafe de Liñas de axuda, onde está dispoñible unha caixa de dúbidas habilitada para o efecto.

O número total de solicitudes que se poderán facer e validar telematicamente para cada curso, serán tantas como prazos convocadas para cada un, máis unha porcentaxe do cincuenta por cento destas correspondente ás reservas. Unha vez completadas validamente este número de solicitudes, a propia aplicación informática de matrícula en liña da Secretaría Xeral de Emigración referida anteriormente, avisará desta circunstancia e non permitirá efectuar novas matrículas.

Quinta.-*Procedemento e criterios de selección.*

1. Para a selección dos participantes nos cursos programados crearase unha comisión, que ademais será órgano instructor, presidida polo subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas, ou persoa en que delegue, e composta polo xefe do servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas e un/unha funcionario/a da unidade que actuará como secretario/a.

2. Os solicitantes serán seleccionados para cada curso segundo os seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar, terase en conta a data, hora e minuto en que o alumno realizou a súa matrícula a través da páxina web, tendo prioridade as persoas que a realizasen en primeiro lugar.

b) No caso de empate, este desfarase pola orde alfabética dos apelidos dos solicitantes, empezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra V segundo o sorteo que tivo lugar en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia cuxo resultado foi feito público por Resolución do 29 de xaneiro de 2008 (DOG nº 25 do martes 5 de febreiro).

Sexta.-Publicación das relacións das persoas seleccionadas.

1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes e documentación reúnen os requisitos establecidos nas correspondentes bases, elaboraranse as listas provisionais. Nestas listas provisionais faranse constar para cada curso as persoas admitidas que teñan a documentación completa, as persoas que presentasen a documentación incompleta (indicando a documentación pendente de presentar) e as persoas excluídas (indicando a causa de exclusión). Así mesmo, establecerase o número correspondente de reservas por curso.

Estas listas serán publicadas, no prazo máximo de 20 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com).

2. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao desta publicación na páxina web (www.galiciaaberta.com) para formular as alegacións que consideren oportunas e para a emenda da solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión ou presenten a documentación requirida, consideraranse desistidos da súa petición nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Realizado este trámite, a comisión elevará a proposta definitiva de admitidos (co número correspondente de reservas) e excluídos ao secretario xeral de Emigración. A Secretaría Xeral de Emigración ditará resolución coa relación definitiva de admitidos, reservas e excluídos, que se publicará na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com).

Ademais, para unha maior difusión serán informados da súa selección a través do correo electrónico os solicitantes que faciliten os seus enderezos electrónicos na solicitude.

4. As prazas que non sexan cubertas serán ofertadas aos correspondentes reservas seguindo a súa orde de prelación.

5. Contra esta resolución, que será definitiva en vía administrativa, caberá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, ou no de seis meses no caso de silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima.-Certificados.

Para poder superar os cursos convocados será necesaria a axeitada realización das actividades programadas polo docente responsable de cada un dos cursos e superar unha avaliación continuada do seu desempeño no curso.

Aos alumnos que superen a avaliación e cumpran os demais requisitos sinalados con anterioridade expediráselles un diploma acreditativo.

Oitava.-Facultades da Secretaría Xeral de Emigración.

1. A Secretaría Xeral de Emigración resolverá aquelas incidencias que se poidan producir no desenvolvemento e a xestión dos cursos. Así mesmo, correspóndelle á Secretaría Xeral de Emigración prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das accións queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos non acaden o número mínimo exixido das prazas convocadas, a Secretaría Xeral de Emigración reserva para si o dereito a suspender, cancelar, agrupar varias edicións das actividades ou abrir un novo prazo de solicitudes, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A Secretaría Xeral de Emigración poderá modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir.

ANEXO II

Temática e duración dos cursos

Os cursos terán unha duración equivalente en horas lectivas de 200 horas, que se distribuirán en 70 horas de formación teórica, 120 horas de formación práctica e 10 horas destinadas á avaliación, e desenvolveranse entre os meses de decembro de 2008 e marzo de 2009, debendo rematar antes do día 20 do devandito mes.

Os cursos impartiranse nun período mínimo de seis semanas e máximo de 12 semanas.

Os módulos que se impartirán dentro do programa dos cursos son os seguintes:

- Módulo I. Organización dos recursos materiais nunha unidade/servizo.
- Módulo II. Comunicación e atención ao paciente.
- Módulo III. Coidados básicos de xeriatria.
- Módulo IV. Coidados terapéuticos en xeriatria.
- Módulo V. Atención especializada ao ancián.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración

ANEXO III

PROCEDEMENTO PROGRAMA CURSO DE AUXILIAR DE ENFERMARÍA DE XERIATRÍA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR936A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI OU PASAPORTE	
DATA DE NACEMENTO		ENDEREZO (RÚA E Nº)		CÓDIGO POSTAL	
CIDADE		PAÍS		NACIONALIDADE	
TELÉFONO CASA		TELÉFONO MÓBIL		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
É GALEGO/A? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		FILLO/A DE GALEGO/A? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		NETO/A DE GALEGOS? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

CURSO SOLICITADO

REPÚBLICA ARXENTINA (BUENOS AIRES)

O curso realizarase no Centro Gallego de Buenos Aires (Fundación Galicia Saúde).

Vai dirixido aos dous grupos seguintes (indique cun X o grupo a que pertence):

- Mozos e mozas menores de 35 anos (galegos ou descendentes de galegos ata 2º grao consanguinidade)
- Mulleres (galegas ou descendentes de galegas ata 2º grao consanguinidade)

MONTEVIDEO (URUGUAI)

O curso realizarase na Casa Galicia en Montevideo. (Marca cun X).

- Mulleres (galegas ou descendentes de galegas ata 2º grao consanguinidade)

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web, www.galiciaaberta.com, a relación de beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 13 de novembro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan varios cursos de formación, especialidade en auxiliar de enfermaría de xeriatría, destinados aos cidadáns galegos residentes no exterior.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE		RECIBIDO
	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA